

# CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO

Conservatorio Profesional  
de Música de Viveiro



**ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
CURSO 2019/2020**

**LINGUAXE MUSICAL GRAO ELEMENTAL**

## ÍNDICE

INTRODUCCIÓN .....	3
1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES: .....	3
1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:.....	3
1.1.1. <i>Criterios de avaliación de 1º de grao elemental:</i> .....	3
1.1.2. <i>Criterios de avaliación de 2º de grao elemental :</i> .....	3
1.1.3. <i>Criterios de avaliación de 3º de grao elemental:</i> .....	4
1.1.4. <i>Criterios de avaliación de 4º de grao elemental:</i> .....	4
1.2. MÍNIMOS ESIXIBLES: .....	5
1.2.1. <i>Mínimos esixibles de 1º de grao elemental:</i> .....	5
1.2.2. <i>Mínimos esixibles de 2º de grao elemental :</i> .....	5
1.2.3. <i>Mínimos esixibles de 3º de grao elemental :</i> .....	5
1.2.4. <i>Mínimos esixibles de 4º de grao elemental :</i> .....	5
2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN .....	6
2.1. AVALIACIÓN .....	6
2.2. CUALIFICACIÓN FINAL .....	6
2.3. PROBA EXTRAORDINARIA DE SETEMBRO : .....	7
2.4. AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES E PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª – 2ª AVALIACIÓN : .....	7
3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN) .....	8
3.1. ACTIVIDADES:.....	8
3.2. METODOLOXÍA (ALUMNADO CON CONECTIVIDADE E SEN CONECTIVIDADE):.....	10
3.3. MATERIAIS E RECURSOS: .....	10
4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.....	11
4.1. INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS:.....	11
4.2. PUBLICIDADE:.....	11

## INTRODUCCIÓN

Segundo as instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

### 1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E MÍNIMOS ESIXIBLES:

#### 1.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

##### 1.1.1. Criterios de avaliación de 1º de grao elemental:

1. Conservar un pulso constante na execución de exercicios musicais.
2. Identificar no pentagrama as notas na clave de sol.
3. Recoñecer auditivamente e reproducir por escrito, fórmulas rítmicas que conteñan brancas, negras, dúas corcheas e catro semicorcheas.
4. Executar correctamente as distintas fórmulas rítmicas nos compases de subdivisión binaria (2/4 e 3/4) traballadas na bibliografía.
5. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos (excepto os da terceira avaliación) traballados no curso.
6. Representar gráficamente fragmentos musicais utilizando adecuadamente as normas de escritura e empregando unha boa caligrafía.
7. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos de: pentagrama, compás, claves, liñas divisorias e adicionais, figuras e silencios, anacruse, puntillo e ligaduras, caldeirón, matices, dinámica e tempo.
8. Interpretar correctamente melodías que comprendan intervalos de 2º e 3º maiores e menores, 4º, 5º e 8º xustas con acompañamento pianístico ou “a capella”.
9. Entoar axeitadamente a escala de do maior e os seus arpejos.
10. Discriminar auditivamente as calidades do son, así como a escala e o acorde maior.

##### 1.1.2. Criterios de avaliación de 2º de grao elemental :

1. Executar correctamente as distintas fórmulas rítmicas nos compases de subdivisión binaria e ternaria (únicamente o compás de 6/ 8) traballadas na bibliografía.
2. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no curso (a excepción dos contidos da terceira avaliación).
3. Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos (da 1ª e 2ª avaliación) traballados no curso.
4. Executar fórmulas rítmicas en distintos compases utilizando o corpo e a voz.
5. Manter o pulso durante períodos breves de silencio, a través de percusión corporal, durante a audición de fragmentos musicais.
6. Identificar auditivamente cambios sinxelos de compás mediante a percusión do acento.
7. Identificar auditivamente o modo maior ou menor dun fragmento musical.

8. Improvisar melodías breves e estruturas rítmicas diversas (sempre entre as traballadas nas dúas primeiras avaliacións).
9. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados.
10. Interpretar vocalmente obras didácticas propias do nivel de 2º en tonalidades ata unha alteración, con e sen acompañamento pianístico.
11. Empregar e interpretar con naturalidade termos e signos que afectan á expresión musical.
12. escoitar e recoñecer os acordes de tónica, dominante e subdominante en modo maior.

### **1.1.3. Criterios de avaliación de 3º de grao elemental:**

1. Reproducir vocalmente cancións de ata 2 alteracións en modo maior e menor cunha correcta entoación e emisión.
2. Executar correctamente as distintas fórmulas rítmicas nos compases de 2/8, 3/8, 4/8, 6/8, 9/8 e 12/8.
3. Coñecer as equivalencias que impliquen pulso=pulso.
5. Recoñecer auditivamente e reproducir por escrito ditados melódico-rítmicos empregando melodías que conteñan intervalos ata a 8ª.
6. Discriminar auditivamente acordes maiores e menores.
7. Identificar no pentagrama as notas en clave de Sol en 2ª liña e Fa en 4ª liña.
8. Imitar fragmentos melódico-rítmicos empregando como ferramenta a memoria.
9. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no curso (a excepción dos da terceira avaliación).
10. Improvisar melodías breves e estruturas rítmicas diversas.
11. Manter o pulso durante períodos breves de silencio, a través de percusión corporal, durante a audición de fragmentos musicais.
12. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados.

### **1.1.4. Criterios de avaliación de 4º de grao elemental:**

1. Executar correctamente as distintas fórmulas rítmicas nos compases de subdivisión binaria, ternaria e dispaes traballadas na bibliografía da 1ª e 2ª avaliacións.
2. Aplicar a exercicios prácticos sinxelos os contidos teóricos traballados no curso (a excepción dos contidos da terceira avaliación).
3. Identificar auditivamente o modo maior do modo menor nun fragmento musical.
4. Manter o pulso durante períodos de silencio, na audición de fragmentos musicais, identificando cambios de compás mediante a percusión do acento.
5. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados.
6. Interpretar vocalmente obras didácticas propias do nivel de 4º (da 1ª e 2ª avaliacións), con e sen acompañamento.
7. Empregar e interpretar con naturalidade termos e signos que afectan á expresión musical.
8. Identificar e recoñecer os acordes de tónica, dominante e subdominante.
9. Improvisar melodías breves e estruturas rítmicas diversas.
10. Coñecer as equivalencias que impliquen pulso=pulso e fracción = fracción.
11. Identificar no pentagrama as notas en clave de Sol en 2ª liña e Fa en 4ª liña.
12. Reproducir vocalmente cancións de ata 3 alteracións en modo maior e menor cunha correcta entoación e emisión.

## **1.2. MÍNIMOS ESIXIBLES:**

### **1.2.1. Mínimos esixibles de 1º de grao elemental:**

1. Imitar estruturas melódicas e rítmicas breves coa voz e coa percusión.
2. Recoñecer auditivamente o pulso, acento e compás dunha obra ou fragmento musical.
3. Ler ritmicamente deixando clara a precisión de pulso e compás.
4. Entoar unha melodía ou canción con ou sen acompañamento.
5. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados.

### **1.2.2. Mínimos esixibles de 2º de grao elemental :**

1. Ler ritmicamente, en compases simples e compostos (únicamente 6/8), deixando clara a precisión de pulso e compás.
2. Entoar unha melodía ou canción con ou sen acompañamento, en tonalidades ata unha alteración.
3. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados, introducindo fórmulas rítmicas propias de 2º (incluíndo unicamente as traballadas na 1ª e 2ª avaliación), en modo maior.
4. Resolver correctamente cuestións de teoría de xeito oral e escrito, dentro dos contidos traballados no curso (incluíndo unicamente os traballados na 1ª e 2ª avaliación).
5. Conservar un pulso constante na execución de exercicios musicais.

### **1.2.3. Mínimos esixibles de 3º de grao elemental :**

1. Ler ritmicamente en compases de subdivisión binaria (2/4, 3/4, 4/4, 2/8, 3/8 e 4/8) e ternaria (6/8, 9/8 e 12/8) deixando clara a precisión de pulso e acento.
2. Entoar una melodía ou canción con ou sen acompañamento en tonalidades de ata 2 alteracións en modo maior e menor.
3. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados coas diferentes fórmulas rítmicas propias do nivel de 3º (incluíndo unicamente as traballadas na 1ª e 2ª avaliación), en modo maior e menor.
4. Resolver correctamente cuestións de teoría de xeito oral e escrito, dentro dos contidos da 1ª e 2ª avaliacións.
5. Conservar o pulso constante na execución de exercicios musicais.

### **1.2.4. Mínimos esixibles de 4º de grao elemental :**

1. Ler ritmicamente en compases de subdivisión binaria, ternaria e dispares (excepto os que se traballarían na 3ª avaliación) deixando clara a precisión de pulso e acento.
2. Entoar una melodía ou canción con ou sen acompañamento en tonalidades de ata 3 alteracións en modo maior e menor.
3. Reproducir por escrito fragmentos musicais escoitados coas diferentes fórmulas rítmicas propias do nivel de 4º, en modo maior e menor.

4. Resolver correctamente cuestións de teoría de xeito oral e escrito, dentro dos contidos da 1ª e 2ª avaliación.
5. Conservar o pulso constante na execución de exercicios musicais.

Na aplicación dos criterios de avaliación e mínimos esixibles respectivamente terase en conta en todo momento que o grao de profundización e destreza requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación.

De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderase incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

## 2. AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN

### 2.1. Avaliación

#### **Procedementos e ferramentas de avaliación:**

**Probas escritas:** teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (principalmente enviaranse fichas ou exercicios sobre teoría musical a través da aplicación Whtasapp e correo electrónico) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións).

**Probas orais:** teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e valorarase a posibilidade de realización das mesmas por vía telemática (a través de audios de whtasapp e videochamadas) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).

**Observación sistemática:** poderase establecer este procedemento para valorar as actividades de repaso/reforzo/ampliación/recuperación no caso de que sexa eventualmente posible a impartición de clase de linguaxe musical por vía telemática a partir da declaración do estado de alarma, deixando constancia dos resultados obtidos polo alumnado empregando o procedemento ordinario (caderno de seguimento do alumnado) e tendo en conta que en ningún caso minorarán as cualificacións.

**Técnicas audiovisuais:** de ser o caso, enviarase por parte do alumnado material audiovisual (audio/video) que sirva de referencia para valorar as aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).

### 2.2. Cualificación final

Tendo en conta que se trata dunha materia teórico - práctica considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e continua, motivo polo que os resultados acadados polo

alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento: **Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter continuo da materia** e poderá incrementarse en **2 puntos** en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

### **2.3. Proba extraordinaria de setembro :**

O alumnado que non acadase unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha proba escrita ( para a parte teórica ) e outra oral ( para a parte práctica ) baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Proba escrita : 50% ( Teoría musical )
- Proba oral : 50% (Lectura rítmica).

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

### **2.4. Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación :**

#### **MATERIAS PENDENTES DO CURSO ANTERIOR:**

No caso concreto da materia de Linguaxe musical en Grao Elemental, non procede establecer a avaliación de materias pendentes debido a que ningún alumno/a se atopa nesta situación.

#### **PROCEDEMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª-2ª AVALIACIÓN:**

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización das actividades propostas polos profesores coma probas escritas e/ou envío de gravacións de audio/video que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superala e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

Consideramos que ademais de valorar os criterios de avaliación e mínimos esixibles de cada curso, deberá terse en conta a realización dos traballos escritos e prácticos que lle sexan encomendados dentro dos contidos e obxectivos propios do curso correspondentes á 1ª e 2ª avaliación.

O principal criterio de cualificación para dar por superada a materia será a entrega de, a lo menos, o 50 % das tarefas encomendadas realizadas correctamente na 3ª avaliación sen necesidade da realización de exames.

### 3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE (RECUPERACIÓN, REPASO, REFORZO, E NO SEU CASO, AMPLIACIÓN)

#### 3.1. Actividades:

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1ª/2ª avaliación.

O tipo de actividades propostas para os alumnos/as de linguaxe musical son:

#### • Para 1º de grao elemental:

**Probas teóricas:** os profesores envían a través de whatsapp ou e-mail fichas con exercicios de teoría que aparecen nos libros de texto que manexan os alumnos. Se xa estiveran feitas na aula, créanse outras novas empregando o programa de edición de partituras Sibelius. Ditas fichas convértense a pdf e envíanse aos pais para que lles faciliten aos seus fillos. Unha vez feitas son reenviadas para corrixirse.

O libro de texto é “Andante” de Vicente Roncero (Editorial Piles).

**Probas prácticas:** para o seguimento dos contidos prácticos (lectura rítmica, entoación ou ditado) pedímoslles aos alumnos que envíen os exercicios que se lles propoñen a través de gravacións de vídeo ou audio por whatsapp ou correo electrónico.

Para entoación, os profesores que imparten esta materia optan por facer ou ben gravacións explicativas das leccións para entoar (a modo de exemplo e debido á cortaxidade destes alumnos/as) ou empregan o libro de texto dos alumnos xa que trae un CD coas melodías que teñen que cantar con acompañamento de piano.

Para traballar os ditados, os profesores envían primeiro o audio co fragmento musical en cuestión. Unha vez reciben os ditados, corrixense e reenvíanse aos pais coas correspondentes correccións.

#### • Para 2º de grao elemental:

**Probas teóricas:** os profesores envían a través de whatsapp ou e-mail fichas con exercicios de teoría que aparecen nos libros de texto que manexan os alumnos. Se xa estiveran feitas na aula, créanse outras novas empregando o programa de edición de



partituras Sibelius. Ditas fichas convértense a pdf e envíanse aos pais para que lles faciliten aos seus fillos. Unha vez feitas son reenviadas para corríxirse.

Os libros de texto son “Andante” de Vicente Roncero (Editorial Piles) e “La teoría musical y su práctica” de María Agustina Prandonés Manuel (Ediciones Toys and Dreams).

**Probos prácticos:** para o seguimento dos contidos prácticos (lectura rítmica, entoación ou ditado) pedímoslles aos alumnos que envíen os exercicios que se lles proponen a través de gravacións de vídeo ou audio.

Para entoación, os profesores que imparten esta materia optan por empregar o libro de texto dos alumnos xa que trae un CD coas melodías que teñen que cantar con acompañamento de piano.

Para traballar os ditados, os profesores envían primeiro o audio co fragmento musical en cuestión. Unha vez reciben os ditados, corríxense e reenvíanse aos pais coas correspondentes correccións.

#### • Para 3º de grao elemental:

**Probos teóricos:** os profesores envían a través de whatsapp ou e-mail fichas con exercicios de teoría que aparecen nos libros de texto que manexan os alumnos. Se xa estiveran feitas na aula, créanse outras novas empregando o programa de edición de partituras Sibelius. Ditas fichas convértense a pdf e envíanse aos pais para que lles faciliten aos seus fillos. O libro de texto é “Andante” de Vicente Roncero (Editorial Piles).

**Probos prácticos:** para o seguimento dos contidos prácticos (lectura rítmica, entoación ou ditado) pedímoslles aos alumnos que envíen os exercicios que se lles proponen a través de gravacións de vídeo ou audio.

Para entoación, os profesores que imparten esta materia optan por empregar o libro de texto dos alumnos xa que trae un CD coas melodías que teñen que cantar con acompañamento de piano. Ademais do citado “Andante”, a profesora deste curso emprega o método de entoación “Nanocosmos”.

Para traballar os ditados, os profesores envían primeiro o audio co fragmento musical en cuestión, ben tocado no piano ou ben feito co programa Sibelius. Unha vez reciben os ditados, corríxense e reenvíanse aos pais coas correspondentes correccións.

#### • Para 4º de grao elemental:

**Probos teóricos:** os profesores envían a través de whatsapp ou e-mail fichas con exercicios de teoría que aparecen nos libros de texto que manexan os alumnos. Se xa estiveran feitas na aula, créanse outras novas empregando o programa de edición de partituras Sibelius. Ditas fichas convértense a pdf e envíanse aos pais para que lles faciliten aos seus fillos, logo corríxense e reenvíanse. O libro de texto é “Andante” de Vicente Roncero (Editorial Piles).

**Probos prácticos:** para o seguimento dos contidos prácticos (lectura rítmica, entoación ou ditado) pedímoslles aos alumnos que envíen os exercicios que se lles proponen a través de gravacións de vídeo ou audio.

Para entoación, os profesores que imparten esta materia optan por empregar o libro de texto dos alumnos xa que trae un CD coas melodías que teñen que cantar con acompañamento de piano. Ademais do citado “Andante”, unha das profesoras deste curso emprega o método de entoación “Nanocosmos”.

Para traballar os ditados, os profesores envían primeiro o audio co fragmento musical en cuestión, ben tocado no piano ou ben feito co programa Sibelius. Unha vez reciben os ditados, corríxense e reenvíanse aos pais coas correspondentes aclaracións.

### **3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):**

O papel do profesor é o de mediar entre os contidos musicais e os propios alumnos. Cada profesor deberá trasladar o traballo da súa aula aos fogares e lograr unha implicación afectiva dos nenos, facendo que se sintan relaxados e motivados.

A presentación que se faga de cada actividade é determinante así que debe ser estudada en profundidade e non deixada ao azar. Depende do profesor que o traballo sexa ordenado e siga unhas pautas.

Debemos ser ordenados e optimizar o tempo, ordenar e secuenciar correctamente os materiais, e nunca esquecer que traballamos con persoas. É fundamental que o alumno se sinta cómodo e querido.

Existirá unha coordinación entre o profesorado das distintas materias do alumnado. Así, levaranse a cabo reunións telemáticas para a unificación de criterios. Igualmente importante será a relación cos pais, nais ou tutores do alumnado.

No caso dos alumnos /as de linguaxe musical detectouse que todos eles dispoñían de conexión a Internet e o máis cómodo e axeitado era que o envío e recepción dos traballos e tarefas encomendadas fóra a través da aplicación Whatsapp. Os pais preferiron esta opción por estar un pouco saturados de novas aplicacións e ferramentas que precisan empregar para os seus fillos nos colexios.

### **3.3. Materiais e recursos:**

As actividades que se propoñan posibilitarán a intervención en distintos niveis. A organización temporal adaptárase a dúas ou tres tarefas semanais, aínda que esta adaptación flexibilizaríase tendo en conta os intereses do alumnado e as súas necesidades de aprendizaxe.

Na impartición das clases de linguaxe musical, os profesores empregan diversos programas informáticos para a edición de partituras ou fichas con exercicios de teoría (Sibelius, Encore, Finale...) así como outras aplicacións informáticas ( Whatsapp e Skype ).

Isto facilita a reprodución das leccións de entoación, ditados, ... e permítelle ao profesor seguir mellor a evolución dos alumnos.

En canto aos recursos e materiais nomearemos, en xeral, os seguintes:

- Teléfono móbil, ordenador e tablet.
- Conexión a Internet.
- Correo electrónico.
- Programa Sibelius.
- Aplicacións para converter a pdf, gravacións de vídeo e audio.

En canto á bibliografía empregada por profesores e alumnos nomearemos :

- “Cuadernos de teoría” (1, 2, 3, 4, grao elemental). Ibáñez – Cursá.
- “Lecciones de entonación”. Real Musical 1987. Félix Sierra.
- “Andante”. Lenguaje musical. (1º, 2º, 3º e 4º de grao elemental). Vicente Roncero.
- “La teoría musical y su práctica”. María Agustina Prandonés Manuel (Ediciones Toys and Dreams).
- “Nanocosmos nº 1”. Carlota Castanera, Rosa M<sup>a</sup> Chandro, Cristina Ciorda e Adrián Jiménez. Editorial Dinsic.

## 4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

### 4.1. Información ao alumnado e ás familias:

Empregarase igualmente a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento contínuo do alumnado e unha comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

### 4.2. Publicidade:

A dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.